

PUNTOS DE ATENCIÓN

Santiago de Compostela
Rúa Modesto Brocos, nº7, baixos
15704 Santiago de Compostela
A Coruña
T 981 574 698
correo@cogami.gal
www.cogami.gal

A Coruña
Avda. de Cádiz, nº 1, 1º andar, local 2
15008 A Coruña
T 981 231 105
silcoruna@cogami.gal

Ferrol
Rúa Sanchez Calviño, nº 56 - 58
15404 Ferrol
A Coruña
T 981 325 568
silferrol@cogami.gal

Lugo
Centro Fingoi
Rúa da Luz, nº 4
27002 Lugo
T 982 253 332
silugo@cogami.gal
crd.fingoi@cogami.gal

Ourense
Centro Integral Aixiña
Rúa da Farixa nº 3B baixo
32005 Ourense
T 988 246 057
silourense@cogami.gal

Pontevedra
Rúa da Cruz Vermella, nº 16, baixo
32002 Pontevedra
T 986 863 709
silpontevedra@cogami.gal

Vigo
Rúa Teixugueiras, nº 15, baixo
36212 Navia - Vigo
T 986 281 893
silvigo@cogami.gal

Centro Mos
Avda. do Rebullón, s/n, Puxeiros
36416 Mos
Pontevedra
T 986 487 925
crd.mos@cogami.gal

Centro Monteporreiro
Rúa Alemaña, nº23, baixo
36162 Pontevedra
T 986 845 250
crd.monteporreiro@cogami.gal

Centro Medelo
Manduas-Lugar de Medelo, s/n
36510 Bandeira-Silleda
Pontevedra
T 986 581 387
Móbil: 663 940 759
crd.silleda@cogami.gal

www.cogami.gal




Contamos cunha rede de voluntariado con máis de mil persoas inscritas que colaboran en programas de lecer, deportivos, de apoio en rehabilitación, de educación, reforzo en habilidades sociais e actividades de sensibilización.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública que nace en 1990.

Está constituída por máis de 50 entidades e conta con 11 iniciativas empresariais de economía social que empregan a máis de 800 persoas con discapacidade.

REDE DE VOLUNTARIADO

A Rede de Voluntariado de COGAMI iniciase en 2001 para canalizar a participación da sociedade civil en asuntos de interese xeral, sobre todo naqueles que erradiquen situacións de discriminación.

Todos os proxectos de voluntariado que se desenvolven a través de COGAMI tratan de potenciar as capacidades das persoas con discapacidade, fomentando a súa autonomía e independencia a través da participación activa.

PROGRAMAS

Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade

- Acompañamento dentro e fóra do domicilio.
- Acompañamento nas actividades deportivas, de lecer e de tempo libre, como por exemplo, a natación ou as saídas culturais, lúdicas, etc.
- Apoio nas actividades de rehabilitación.
- Apoio á integración laboral.
- Apoio educativo.
- Reforzo en habilidades sociais.

Sensibilización e concienciación

Ao longo do ano realízanse charlas, xornadas e formacións en colexios, universidades, concellos e centros cívicos, onde se ofrece información relacionada con temática de discapacidade, atención á diversidade, charlas de prevención de lesións medulares e tamén de barreiras arquitectónicas.

Formación

Ofrecemos formación básica, dirixida ao voluntariado de base e tamén formación específica no eido das persoas con discapacidade, dirixida tanto ás persoas voluntarias coma a institucións públicas, asociacións, ONGs...

Que nos aporta o voluntariado?

Son moitos os beneficios que se poden cuantificar por tomar parte no voluntariado, dos que destacamos:

- ✓ **Motivación**
- ✓ **Adquisición de valores como solidariedade**
- ✓ **Atención á diversidade**
- ✓ **Responsabilidade**
- ✓ **Compromiso**

Ser unha persoa voluntaria permite adquirir habilidades sociais e de axuda a outras persoas, permite ter unha formación continua en voluntariado e, sobre todo, a garantía de contribuir á promoción da autonomía persoal e a fomentar a participación activa en igualdade de oportunidades na sociedade.

Pasos para facer voluntariado

É necesario cubrir a solicitude que se atopa na nosa web www.cogami.gal. Tras enviar os datos, contactarán contigo para manter unha entrevista persoal na que se analizarán cuestións como a túa dispoñibilidade, en que che gustaría colaborar e ás expectativas que tes co voluntariado.